



CONCELLO

DE

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

ACTA DE CONSTITUCIÓN E VALORACION DE MÉRITOS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (PERSOAL LABORAL FIXO), INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA AO ABEIRO DA LEI 20/2021 (Expte 830/2023)

No Salón de Actos da Casa da Cultura do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 11:15 horas do día 27 de febreiro de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado polo Concello de Salvaterra de Miño para cubrir unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local (persoal laboral fixo), incluída na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal aprobada ao abeiro da lei 20/2021 (Expte 830/2023), polo sistema de concurso de méritos, segundo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia Pontevedra núm. 37, do 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta: Cruz Farto Justo, Xefa de xestión do Museo Provincial da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretario: Luis Feijoo García, Técnico de Administración Electrónica adscrito a Secretaría da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vogais:

- Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Pontevedra.
- María de los Ángeles Domínguez Ramos, Técnico de Administración Xeral do Concello de Tui.
- Fernando González Abeijón, funcionario grupo A1 – Escala Xeral da Xunta de Galicia.

Constituído o Tribunal cualificador, o Secretario toma a palabra e da conta do seguinte:

-Que se trata dun proceso selectivo de estabilización de emprego temporal convocado pola Concello de Salvaterra de Miño ao amparo do disposto na Lei 20/2021, sendo o sistema de selección o concurso de méritos. A puntuación máxima será de 100 puntos.

O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificadas, segundo o baremo previsto na base oitava das Bases xerais reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal.

O órgano de selección acorda nesta sesión constitutiva que o número máximo de sesión serán dúas dado que unha das persoas aspirantes non acredita posuír o título CELGA correspondente á praza, polo deberá realizar unha proba que acredite a capacidade de comunicación en galego.





CONCELLO
DE
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

O Tribunal unha vez constituído procede á valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes, debidamente xustificadas, segundo o baremo previsto na base oitava das Bases xerais reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal.

En relación co punto "2.3- Coñecemento de lingua galega" e "2.4- Titulación superior, master ou posgrado na especialidade" só se terán obxecto de valoración os méritos que non constitúan requisitos mínimos de acceso.

Valorados os respectivos méritos de acordo coas bases os candidatos obtiveron o seguinte resultado:

Identidade	NIF	1. Experiencia profesional	2.1 Superación de procesos selectivos	2.2 Cursos de formación	2.3 Coñecemento de lingua galega	2.4- Titulación superior, master ou posgrado na especialidade	Puntuación total
FERNÁNDEZ DURAN, MELANIA	***9865**	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA	***9446**	90 puntos	4 puntos	4 puntos	1 punto	0,5 puntos	99,50 puntos
HERVES FORTES, ÁLVARO	***8205**	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos
TROIÑO DAPENA, JULIO	***1554**	13,25 puntos	0 puntos	2,8 puntos	0,75 puntos	0,5 puntos	17,30 puntos

NECESIDADE DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

De conformidade co previsto na base 8ª das bases xerais do proceso selectivo, as persoas aspirantes que acreditaron o título do CELGA 4 están exentas da realización da proba de acreditación de capacidade de comunicación en galego.

As persoas aspirantes que non acreditaron o título CELGA 4 son as seguintes:

- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA

Por tal motivo, convocase á persoa aspirante indicada para a realización dunha proba de acreditación de capacidade de comunicación en galego, que terá lugar o próximo día 12 de marzo, ás 12:30 horas, no Salón de Actos da Casa da Cultura do Concello de Salvaterra de Miño.

De acordo co establecido na base décimo novena da convocatoria, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación das puntuacións outorgadas na fase de concurso na sede electrónica.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, sendo as 13:30 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretario, dou fe.

